



REDE DE ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS PROCESO DE ADMISIÓN CURSO 2017-2018

PRAZO EXTRAORDINARIO. SOLICITUDES FÓRA DE PRAZO

Unha vez finalizado o prazo formal de matrícula (do 1 ao 14 de xuño de 2017), poderanse seguir recollendo solicitudes FÓRA DE PRAZO do 19 ata o 23 de xuño, en horario de secretaría das escolas e coas seguintes condicións e requisitos:

- A valoración destas solicitudes farase no momento en que se produza unha vacante nun dos grupos de idade e a lista de espera formal, derivada do proceso de admisión 2017-2018, atópese esgotada.
- As familias solicitantes fóra de prazo achegarán a mesma documentación esixida no proceso de admisión 2017-2018. Esta documentación estará actualizada e entregárase no momento que a escola lle comunique a existencia dunha vacante.
- A escola establecerá unha data tope de entrega da documentación.
- Unha vez que as familias achegan a documentación, procédese a baremar en base aos criterios establecidos para o proceso de admisión 2017-2018 e ao artigo 24 do Regulamento.
- Finalizada a valoración, a escola publicará unha lista coas puntuacións obtidas polas persoas solicitantes fóra de prazo.

Esta lista utilizarase para cubrir vacantes posteriores e non poderá incorporar novas solicitudes. Unha vez esgotada, iniciarase outro proceso similar coas solicitudes recollidas con data posterior á publicación desta primeira lista fóra de prazo.

- Os menores nados no ano 2017 cumprirán o seguinte requisito: **“Poderán solicitar praza os pais ou representantes legais dos nenos que *teñan como mínimo os 3 meses na data de comezo do curso escolar* ...”**. É dicir, as familias ou representantes legais poderán presentar a solicitude fóra de prazo no momento en que o neno naceuse, pero esa solicitude non se pode baremar ata que o solicitante cumpra o requisito de ter cumpridos os 3 meses. O requisito de antigüidade no padrón enténdese aplicado aos seus pais ou titores legais.

Rematadas as datas do proceso de admisión, as familias que soliciten fora de prazo, farano soamente en DÚAS escolas.